

### **O Goberno e o Concello aumentan o IBI de Barreiros, conseguindo que sexa a taxa máis alta da provincia e moi superior á dalgunhas cidades galegas**

Así o desvelaron o profesor en Economía da Universidade de Oviedo, o secretario de Política Municipal e a secretaria xeral do PSOE local aos veciños do municipio, no encontro impulsado polos socialistas barreirenses, e no que destacaron a importancia de que o Ministerio revise a ponencia de valores catastrais, co fin de que estes se adapten aos prezos actuais do mercado

As actualizacións realizadas polo Executivo e a entidade local dende 2012 sitúan en 0,88 céntimos o prezo do metro cadrado nas propiedades catalogadas como solo urbano e, en 0,66 euros, nas rústicas; “un incremento desorbitado”, pois, por exemplo, o custe do solo urbano en Burela baixa ata os 0,42 euros e, o de Santiago, ata os 0,52€

Fronte a esta xestión, “coa que o único que o PP persegue é un afán recadatorio dos cidadáns e seguir facendo caixa”, Santos destaca que a Deputación, dende 2007, anticipa aos concellos o 80% da recadación prevista, e rebaixou do 6 ó 3% a taxa recibida en período voluntario

**BARREIROS, 22 DE XANEIRO DE 2015.-** O profesor en Economía da Universidade de Oviedo – Francisco Blanco-, o secretario de Política Municipal da executiva provincial –Álvaro Santos-, e a secretaria xeral do PSOE local de Barreiros- Carmen Veiga-, revelaron este xoves aos veciños da localidade, no encontro impulsado polos socialistas deste municipio, sobre a importancia de que o Ministerio de Facenda revise a ponencia de valores catastrais dos concellos, co fin de que estes se adapten aos prezos actuais do mercado, que o actual Goberno e o Concello aumentaron o IBI nesta localidade un 0,28%. Isto provoca que, este municipio non só teña a taxa máis alta da provincia, incluso por riba da do concello da capital, senón que esta sexa moi superior á doutras cidades galegas que ofrecen e dispoñen de máis servizos, como é o caso de Santiago de Compostela.

Este incremento “esaxerado”, explican, ten “uns responsables directos”, que son tanto o actual Executivo estatal como o Goberno local. Concretamente, a suba aplicada polo Ministerio e a entidade local dende 2012 é o desencadeante de que o prezo do metro cadrado nas propiedades catalogadas como solo urbano se sitúe, na actualidade, nos 0,88 céntimos e, as rústicas, nos 0,66 euros.

Pero este aumento é moito máis significativo se se compara co importe aplicado por outros municipios da Mariña e outras cidades galegas. Por exemplo, o custe do solo urbano en Burela baixa ata os 0,42 euros e, en Santiago, ata os 0,52 euros, é dicir, que nos concellos mariñano e santiagués, o prezo do metro cadrado deste tipo de inmobles é, respectivamente, 46 e 36 céntimos de euro máis barato.

Estes datos foron dados a coñecer, no transcurso da xuntanza, tantos polo secretario de Política Municipal e deputado provincial como polo especialista en Economía de Oviedo e concelleiro do Partido Socialista en Xixón, así como pola secretaria Xeral da agrupación local, quenes afirmaron que se trata de “custos desorbitados e que non se corresponden co que realmente deberían de pagar, pois o valor da vivenda deprezouse notablemente durante a crise”.

Por elo, Álvaro Santos, Francisco Blanco e Carmen Veiga, instaron ao Executivo Central a aplicar coeficientes reductores, xa que o artigo 23.2 da Lei de Castastro Inmobiliario especifica que o valor catastral dos bens inmobles non pode superar o valor do mercado; unha cuestión que “non é así na Mariña”, comarca que experimentou nos últimos anos unha importante devaluación na promoción inmobiliaria.

### **Máis taxas**

Ademais, segundo informaron, o Concello, por orde do Ministerio, tamén está a levar a cabo un novo procedemento de regularización nos inmobles que están a ser rehabilitados; un proceso que, “como non podía ser doutro xeito, ten consecuencias directas no peto do cidadáns”, pois a empresa encargada de facelo cóbralles aos afectados por cada regularización realizada uns 60 euros.

### **Recadación Deputación**

Fronte a esta xestión dos Gobernos do PP, “coa que o único que perseguen é un afán recadatorio dos cidadáns e seguir facendo caixa”, o secretario de Política Municipal e deputado provincial de Cooperación cos Concellos, destacou o traballo realizado pola Deputación de Lugo. Dende 2007, o organismo provincial “vén adiantando importantes cantidades de diñeiro aos concellos que teñen delegado estes tributos, de tal xeito que lles damos liquidez”. E é que o sistema, ademais de rebaixar do 6 ao 3% a taxa recibida en período voluntario, prevé anticipos a conta do 80% da recadación prevista dividida en 12 mensualidades.